



Iván García pola esquerda, onte con Avelino Pousa Antelo

Iván García recolle en Padrón o Premio Modesto R. Figueiredo

O concelleiro de Cultura do Concello de Padrón, Eloy Rodríguez, entregou onte o XXXIV premio do certame literario de narrativa Modesto Rodríguez Figueiredo, dotado con 600 euros e organizado pola Fundación do Padrón de Ouro, que recaeu no mozo coruñés Iván García Campos polo seu traballo *Unha casa chea de xanelas*. Pola súa banda, a coruñesa Chelo Suá-

rez Muíños e o santiagués Alberto Gómez Aneiros recibiron senllos accésits, cunha contía de 200 euros, polas súas obras *Colleita de sombras* e *Un pintor malgrado*, respectivamente. Iván García agradeceu ao xurado e á organización que siga apostando ano tras ano polo relato. Ademais, a filla de Modesto R. Rodríguez, María José, felicitou os premiados.